

O QUE PASABA EN 1985

NO MUNDO:



Descóbrese en Austria unha ampla rede de tráfico de fetos para a súa utilización na industria cosmética.

Un informe dos servizos secretos norteamericanos asegura que Iraq utilizou armas químicas prohibidas na guerra contra Irán.

A Unión Soviética anuncia a suspensión do despregue de mísiles de alcance medio en territorio europeo.


Mijail Gorbachov é elixido novo secretario xeral do Partido Comunista da URSS.

Israel retira as súas tropas do sur do Líbano.

Unha bomba fai naufragar ao Rainbow Warrior, un barco da organización ecoloxista Greenpeace.

Un violento terremoto causa máis de 4.000 mortos na cidade de México.

EN GALICIA:



Compostela é declada pola UNESCO Patrimonio da Humanidade. Exposición Internacional "Santiago: mil anos de peregrinación europea" (Gantes).

II Encontro de Escritores GALEUZCA.

Exposicións "Un Século de pintura galega" Uruguay, de Grandío (A Coruña) e Reimundo Patiño (O Castro).

Experiencia colectiva do maior mural de pintura do mundo no cárcere de Pereiro de Aguiar (Ourense).

Paco Martín publica: Das cousas de Ramón Lamote.

Primeiro método audiovisual de ensino en galego (Edigal-galego. Equipo Albariza).

Nace a RTVG (Radio e Televisión de Galicia) e Radio Nacional de España inaugura o canle en galego Radio Catro.

Créase a Fundación Castelao, da editorial "Ir Indo", e a revista "Luzes de Galicia".

O día das letras é adicado a Antonio Losada Diéguez.

EN ESPAÑA:



Vólvese a abrir a cancela de Xibraltar en cumprimento dun acordo asinado entre España e o Reino Unido.

España asina a convención da ONU contra a tortura.


Por primeira vez desde que finalizou a Guerra Civil, militares de ambos bandos participan conxuntamente nun acto de homenaxe aos soldados españois falecidos na contenda.

Un informe da OCDE advirte que a Península Ibérica sofre un importante proceso de desertización.

España asina o tratado de adhesión á CEE.

Militares de ámbolos dous bandos participan conxuntamente nunha homenaxe ós falecidos na contenda civil española.

EN ELVIÑA:

**Curso 85-86**

Créase o Coro do Instituto dirixido polo profesor D. Ramón Fraga, coa participación de alumnos e profesores.

Para celebrar e institucionalizar o Día da Árbore, alumnos/as de COU plantan unha árbore nunha

parte do recinto escolar reservada para tal fin.

Fanse as primeiras adquisicións coa intención de ir formando unha videoteca de centro.

O Claustro solicita para o próximo curso un horario de 5 clases polas mañás e tres tardes semanais.

